

## ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 23 de novembro de 2004

### SEÑORES/AS ASISTENTES:

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D. José Manuel Figueroa Vila  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Antonio Coello Bufill  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. José Manuel Couto Pérez  
D. Carlos Comesaña Abalde

### NON ASISTEN:

D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás oito horas e trinta e cinco minutos do día vinte e tres de dous mil catro e baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Está presente, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

#### **1(1508).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.**

A Xunta de Goberno ratifica a urxencia da sesión.

#### **2(1509).- ALEGACIÓNS E INFORMES NO PERÍODO DE INFORMACIÓN PÚBLICA AO ESTUDO DE VIABILIDADE PARA A CONSTRUCCIÓN DUN AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS NA CIDADE DE VIGO. APROBACIÓN DO ESTUDO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL SEGUNDO PROPOSTA REALIZADA POLOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral da Área de Novos Proxectos, do 18.11.04, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Prestar conformidade aos informes emitidos polos servizos municipais nos termos recollidos na parte expositiva do presente acordo e á proposta de introducción de modificacións presentada por equipo redactor e, en consecuencia, aprobar o “Estudo de viabilidade económica e de

necesidades de financiación para a construción e explotación en réxime de contrato de concesión de obra pública do Auditorio Pazo de Congresos de Vigo”.

Segundo.- Requirir á entidade IDOM, como redactora do Estudo de viabilidade a presentación dun texto refundido do mesmo no que se recollan as súas propostas de introducción de modificacións.

Terceiro.- Dar traslado íntegro do presente acordo incorporando copia simple do Estudo de viabilidade económica aprobado, para o seu coñecemento e información, a D. Eduardo de la Rubia Huete en representación da Asociación de Participación Ciudadana “Outrovigoeposible”.

**3(1510).- ANTEPROXECTO DE OBRA E EXPLOTACIÓN DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS NA CIDADE DE VIGO. ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE SOMETEMENTO A INFORMACIÓN PÚBLICA DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA E DO PROXECTO DE DEMOLICIÓN SEGUNDO PROPOSTA REALIZADA POLOS SERVIZOS TÉCNICOS MUNICIPAIS.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral da Área de Novos Proxectos, do 18.11.04, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Someter a información pública para a presentación de observacións sobre a ubicación e características da obra o Anteproxecto de construción e de explotación do Auditorio Pazo de Congresos de Vigo e o Proxecto de demolición da edificación existente nas parcelas do seu emprazamento polo prazo dun mes.

Segundo.- Solicitar, durante dito prazo, informe da unidade técnica de Licenzas da Xerencia Municipal de Urbanismo sobre o cumprimento do anteproxecto coas determinacións do Plan Especial do Porto na redacción dada pola súa primeira modificación puntual.

Terceiro.- Dar traslado do Anteproxecto de construción e de explotación á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e á Autoridade Portuario de Vigo para o seu coñecemento e a emisión dos informes que teñan por conveniente.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás oito horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez